

Clube de DESCONTOS

Federación Galega de Caza
www.federaciongalegadcaza.com

EXCLUSIVO FEDERADOS

Clinicas veterinarias Armerías Psicotécnicos Hoteles Restaurantes Marcas comerciais Grandes almacéns Alimentación Cans

INFÓRMATE

FGC A CORUÑA 981 70 29 57 coruna@federaciongalegadcaza.com	FGC LUGO 982 25 49 96 lugo@federaciongalegadcaza.com	FGC OURENSE 988 22 16 20 ourense@federaciongalegadcaza.com	FGC PONTEVEDRA 986 85 23 00 pontevedra@federaciongalegadcaza.com	FGC SANTIAGO 981 56 27 77 santiago@federaciongalegadcaza.com
---	---	---	---	---



MUTUASPORT



GALICIA SAUDABLE

"A Caza, unha actividade física saudable en plena natureza"

XXIV CAMPIONATO GALEGO CANS DE RASTRO ATRELADOS SOBRE XABARIL

15 Xuño 2019 Dozón (Pontevedra)



Federación Galega de Caza



XUNTA DE GALICIA



DEPORTE GALEGO

Sociedade de Caza e Pesca de Dozón



STOP VIOLENCIA XÉNERO

COMITÉ ORGANIZADOR

D. JAVIER NOGUEIRA DÍZ

Presidente da Federación Galega Caza.

D. FRANCISCO COUSELO CASTIÑEIRA

Presidente Provincial da Federación Galega de Caza en Pontevedra

D. JOSE RODRÍGUEZ GONZÁLEZ

Presidente da Sociedade de Caza e Pesca Dozón.

D. RAMÓN RODRÍGUEZ COBAS

Vicepresidente Área Deportiva e Administrativa

D. JOSÉ MOURE CANEDA

Secretario Xeral da Federación Galega de Caza.

DIRECTOR DA PROBA

D. JAIME GONZÁLEZ PENELAS

D. ÓSCAR MEIJIDE VARELA

COMITÉ DE COMPETICIÓN

Formaranos os Presidentes das Federacións Provinciais de Caza, ou os representantes dos Equipos Provinciais, mailo Director de Competición.

SORTEO DE QUENDAS E DORSAIS

O sorteo de dorsais realizarase o 12 de xuño na sede da Federación Galega de Caza en Santiago de Compostela.

Para poder inscribirse e participar en calquera proba é obrigatorio tela documentación en vigor para a competición na que se participa, sendo responsable o participante das consecuencias derivadas do incumprimento desta condición ante calquera eventualidade.

DATAS E HORARIOS

15 de xuño de 2019

8:00 h: Concentración no Café Brasería A Fraga , A Cabreira 1, Catasos-Lalín , tfno. 986 906 383- 646948144 (coordenadas 42°38'01.6"N 8°05'44.4"W).

8:30 h: Entrega de Dorsais.

9:15 h: Comezo da Competición.

15:00 h: Clausura e entrega de premios na Praia Fluvial de Sanguñedo (coordenadas 42°34'53.0"N 8°05'01.7"W a un lado da estrada N-525, cara Sanguñedo).

Os acompañantes que desexen asistir ao xantar de clausura deberán comunicalo con un mínimo de dous días de antelación.

PARTICIPACIÓN E INSCRICIÓN

Participarán 36 Participantes das seleccións provinciais, o campión ano anterior mais os 3 clasificados pola Copa Galicia.

As inscricións dos seleccionados provinciais realizarase mediante acta do Campionato Provincial. Os participantes deben estar en posesión da tarxeta federativa da Federación Galega de Caza en vigor. Conforme a normativa de competicións da FGC, os deportistas que participen en competicións nas que non se usen armas deberán dispor de un seguro de responsabilidade civil cunhas coberturas mínimas de 340.151,82 €.

Aplicarase o vixente Regulamento da Federación Galega de Caza de cans de rastro atrelados (modalidade xabaril) e Normativa de Competicións da Federación Galega de Caza.

ADVERTENCIA: A lei 3/12, do Deporte de Galicia prohibe a introdución e venda de bebidas alcohólicas nos lugares onde se estean a celebrar probas deportivas. Polo tanto, queda prohibido tanto o consumo como a venda de bebidas alcohólicas dentro do recinto deportivo durante a celebración da proba.